

Proposta transaccion moción Marea Atlántica e emendas do PSOE e o PP sobre a condonación da débeda do porto.

1. Instar ao Goberno Local a impulsar a elaboración dun novo marco xurídico, urbanístico e financeiro de reordenación da fachada portuaria interior, que veña a liberar á cidade das cargas da construción do porto exterior e a substituír aos convenios de 2004, e en consecuencia, impulsar unha revisión do PXOM do 2013, no que se recollan compromisos renovados conforme as novas realidades e necesidades da cidade e do porto, de forma consensuada polas Administracións e Entidades Públicas firmantes.
2. Instar a todas as administracións implicadas a abordar unha solución global aos terreos portuarios das zonas 1 e 2: Batería, Calvo Sotelo, San Diego, Petroleiro e estación ferroviaria de mercadorías, de xeito que a alternativa presentada teña unha perspectiva integral que aborde a singularidade do porto da Coruña e a súa funcionalidade vixente e potencial, relacionada coas economías do mar, coa mobilidade terrestre e marítima e a mellora dotacional dos espazos portuarios, todo isto englobado baixo a perspectiva da emerxencia climática que xa padecemos.
3. Instar ao Goberno do Estado a condonar, ou conceder axuda equivalente, o préstamo concedido por Portos do Estado á Autoridade Portuaria da Coruña para a construción do porto Exterior de Punta Langosteira, acordando para isto as medidas normativas e orzamentarias que correspondan na Lei de Orzamentos Xerais do Estado de 2022.
4. Instar á Autoridade Portuaria da Coruña, a Portos do Estado, o Ministerio de Transportes Movilidad y Agenda Urbana de Fomento e á Xunta de Galicia, así como o Adif, a constituír xunto có Concello da Coruña, un consorcio ou ente público como forma de participación e xestión dos terreos portuarios que se desafecten, asegurando a súa titularidade e control públicos, no que o Concello da Coruña teña garantida a participación suficiente para coordinar a súa planificación e execución.
5. Instar ao Goberno do Estado a asinar coa maior brevidade o convenio para a licitación da conexión ferroviaria do porto exterior e así poder executala en prazo para non perder os fondos Next Generation.
6. Instar á Alcaldía-Presidencia a que os acordos, protocolos ou convenios que se podan formalizar en relación cos terreos portuarios, e con independencia da súa natureza, deben ser obxecto de ratificación polo Pleno da Corporación, previo dictame da comisión informativa especial, de conformidade co réxime de competencias dos órganos municipais previsto na Lei de Bases de Rexime Local.